



Onte, 22 de abril, ás 19:30 horas a Biblioteca do Concello de Verín acolleu a conferencia “Cervantes e Galicia”, a cargo de D. César Brandariz investigador da vida, personaxe e obra de Cervantes.

En devandita conferencia, que tivo lugar no cuarto centenario da morte do autor e en conmemoración do Día Mundial do libro e dos dereitos de autor, o relator ofreceu un rigoroso e profundo estudo do autor e da obra máis publicada do mundo, tan só superada pola Biblia, e desvelou que aspectos tales coma topónimos, flora e fauna, e lugares descritos nesta obra universal son dificilmente visibles na Mancha e pola contra comúns nesta zona de Galicia. Brandariz achegou aos asistentes unha serie de investigacións que supoñen un profundo cambio, unha revolución nas crenzas e percepcións establecidas sobre a procedencia de Cervantes e a inspiración da súa obra. Unha achega de Brandariz foi un documento inédito, a «Egloga de Virgine Paradei», que apunta a que Cervantes non estudou nos colexios dos xesuítas en Sevilla ou en Córdoba, senón no máis novo Estudo ou Colexio de Monterrey, xunto a Verín, en Ourense, ao que volvería moito despois.

César Brandariz, estudoso incansable da obra de Cervantes, ten publicados as seguintes obras: *El Hombre que hablaba difícil*, editorial Ézaro (2011), *Investigación que mostra os erros asentados sobre a vida de Cervantes e súa obra*; Cervante  
s Decodificado  
, editorial Martinez Roca (Planeta. 2005) e  
*Reconstruyendo a Cervantes*  
, Nostrum (1999). Estas obras foron cualificadas como “o maior avance nos estudos cervantinos desde Astrana Marín ata a data” polos eminentes cervantistas, profesores K, Reichenberger e R. L. Lauer, Coordinadores do Coloquio Internacional sobre Cervantes e “Unha de de as catro obras que perdurará tras o IV Centenario” por profesor Ardila

Coordinador do Congreso Internacional sobre Cervantes, Edimburgo, 2006.

César Brandariz

Licenciado en ciencias empresariais e dereito por ICADE-U. COMPLUTENSE e Diplomado en Historia pola UNED. Consultor en Estratexia, Marketing e Investigación de Mercados, xerente e vocal da asociación de antigos alumnos ICADE. Varios Premios e recoñecementos profesionais avalan a súa traxectoria profesional, coma son: Premio Nacional de Marketing, (Revista Marketing Actualidad), Premio ao mellor artigo sobre "Marketing y Estrategia" da Asociación Española de Opinión, Estudios de Mercado y Marketing (AEDEMO).

